




Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente **POR e PARA** Cazadores, que sabemos cales son as súas necesidades, ofrecémoslle unha interesante variedade de seguros de caza.

Seguros de R.C. do cazador con diversos tipos de coberturas
 Seguro de Danos propios
 Seguro de Responsabilidade Civil dos Cans
 Seguro de Responsabilidade Civil de Competicións
 Seguro de Responsabilidade Civil de Ganchos e Monterías
 Seguro de Responsabilidade Civil para Tecores

- **INFÓRMESE NA SÚA SOCIEDADE OU NAS NOSAS OFICINAS -**
 - Federación Galega de Caza na Coruña
 - Rúa Vila de Caión, 27 Baixo 2 A (Tfno.: 981 70 29 57)
 - 15100 - CARBALLO (A CORUÑA)
 - e-mail: coruna@federaciongalegadecaza.com

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA DE ARCEAS



**Federación Galega
de Caza
A Coruña**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



**26 DE NOVIEMBRE DE 2011
TECOR C-10205 "BERGANTIÑOS NORTE"**

ORGANIZA:

**FEDERACIÓN GALEGA DE
CAZA
NA CORUÑA**

COLABORA:

**-SDADE DE CAZA
"VENATORIA
BERGANTIÑOS"**

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA DE ARCEAS

COMITÉ ORGANIZADOR

DON MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente Federación Galega de Caza na Coruña

DON MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ

Presidente Sociedade de Cazadores Venatoria Bergantiños

DON RAMÓN BERTO A SUÁREZ

Responsable de Competicións da Federación Galega de Caza na Coruña

DON ARTURO PÉREZ MAGARIÑOS

Tesoureiro da Sociedade de Cazadores Venatoria Bergantiños

DON MANUEL BOTANA COUSELO

Vocal da Sociedade de Cazadores Venatoria Bergantiños

XURADO TÉCNICO

DON MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ

DON CARLOS ALBERTO SANJURJO VIEITES

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Poderá participar 1 representante por cada sociedade de caza federada, que deberá inscribirse cun Xuíz, estes deberán de reuni-las condicións físicas necesarias para acompañalo participante durante a competición.

As inscricións poden realizarse, ata as 20,00 horas do día 23 de novembro, a través de teléfono (981 702957) ou fax (981-755074), E-mail (coruna@federaciongalegadecaza.com), ou ben persoalmente na sede da Federación de Caza. No momento de formalizala inscrición os participantes deberán presentar un certificado ou acta da sociedade de cazadores que representan, onde consten os seguintes datos: nome e apelidos, nº de DNI e nº de Licencia Federativa do participante e do xuíz, así como nome do can, raza e sexo.

PREZO DE INSCRICIÓN: 50 €uros (incluído xantar do participante e do xuíz)

As inscricións deberán abonarse ata o día 23 de novembro, en efectivo na sede da Federación, ou ben na seguinte conta bancaria:

- NovaCaixaGalicia: 2080/5482/82/3040103251

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAZA DE ARCEAS

XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase o mesmo día no lugar da proba

SORTEO DE XUÍCES E DORSAIS

O sorteo celebrarase o día 24 de novembro, ás 11 horas, na sede da Federación Galega de Caza na Coruña

REGULAMENTO

O Campionato Provincial de Caza de Arceas rexerase polo actual Regulamento de Caza Menor da Real Federación Española de Caza e Normas complementarias da Federación Galega de Caza, sendo necesario que tódolos participantes (concurantes e xuíces) estean en posesión da Licencia Federativa en vigor, e sendo a única peza a cazar a ARCEA.

PROGRAMA

DIA: 26 de novembro de 2011

LUGAR: A competición desenvolverase nos tecores C-10205 BERGANTIÑOS NORTE, nas parroquias de Bertoa e Lemaio.

HORARIOS

08,00 horas. - Concentración de participantes en Bar Cima en Bertoa - Carballo (km. 3 estrada Carballo-Coruña)

9,00 horas. - Comezo da competición

14,00 horas. - Chegada de participantes ao control

15,00 horas. - Xantar de clausura da Competición e entrega de Premios, no Restaurante Punta del Este de Carballo.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.